

Proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística

AM

*Nós somos un mundo:
Cuntis, concello amigo
da lingua*

AM

CPI Aurelio Marcelino Rey García

Equipo de Dinamización
da Lingua Galega

1. Título: Nós somos un mundo: Cuntis, concello amigo da lingua

2. Introducción

O CPI Aurelio Marcelino Rey García está situado na vila de Cuntis. A lingua de relación e uso diario é maioritariamente o galego aínda que se ten detectado no Plan lingüístico un aumento do uso inicial do castelán nos primeiros grupos de educación infantil, así como actitudes e opinións estereotipadas e influídas por prexuízos verbo da súa propia lingua. A este feito súmaselle o cambio de lingua dos mozos e mozas de Cuntis cando se dirixen ao alumnado de nova incorporación, sexa estranxeiro ou non.

A observación destas condutas lingüísticas durante varios anos é o que nos leva, desde o EDLG, a presentar este proxecto que non só parte da realidade sociolingüística do centro, senón que tamén ten presentes as características lingüísticas de todo o concello e dos centros educativos da comarca do Umia.

Se ben non hai moito tempo o monolingüismo en galego era a realidade lingüística do centro e do concello, desde hai uns anos esta situación está a mudar. Na vila do Baño véñse asentando unha importante comunidade de persoas procedente de Marrocos, Suramérica, Centroeuropa, China e das distintas comunidade do Estado. A convivencia entre elas e os cuntienses é excelente, xa que a integración dos/as estranxeiros/as e a acollida dos residentes é frutífera e favorable. Mais se hai algún factor que se perde nesta convivencia intercultural, é a lingua galega.

Esta situación convive coa realidade que trae o turismo, ao ser Cuntis unha vila termal, á cal acoden cada vez máis visitantes, de Galicia principalmente, doutras partes do Estado español e mesmo de fóra. Isto provoca que, unha vez máis, a lingua predominante en Cuntis quede nun segundo lugar nas relacións lingüísticas.

Por estas novas situacións que implican un uso lingüístico en transformación é polo que cremos necesario desenvolver este proxecto que aquí presentamos, coa finalidade de crear un paraíso lingüístico e multicultural desde o CPI, ampliado a todo o concello.

2.1 Identificación da situación sociolingüística

O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CONCELLO

En Cuntis o fluxo migratorio non é moi intenso en comparación con outras zonas do país, mais si que se están asentando, pouco a pouco, familias doutras partes do mundo, o que fai que convivan novas linguas e despracen a propia de certos contextos. A lingua empregada polo Concello na comunicación coa cidadanía é o galego, mais con actitudes diglósicas. A lingua empregada polas entidades asociativas do contorno é predominantemente o galego.

Partindo desta situación sociolingüística de Cuntis, entendemos que desde o CPI podemos conseguir unha sociedade, polo menos, trilingüe que use:

a) o galego: a lingua ambiental, a propia do país e elemento aglutinante dos cidadáns de Cuntis.

b) o castelán como lingua franca do Estado e idioma materno de familias hispanoamericanas e dalgunhas cuntienses.

c) outras linguas: linguas de relación internacional e materna de familias asentadas en Cuntis, que teñen como lingua vehicular o árabe, o francés, o portugués ou o chinés e os seus usuarios tamén son de Cuntis, neste caso adoptivos, con iguais dereitos e deberes. Entendemos esa diversidade cultural como altamente beneficiosa para o conxunto da cidadanía; a convivencia de tantas culturas enriquece o acervo colectivo.

Partindo desta realidade lingüística inmediata que presenta o concello de Cuntis, podemos acadar, desde o noso CPI, unha planificación lingüística aditiva que sexa asumida unanimemente por todas as forzas políticas con representación municipal, que integre neofalantes e fomente a diversidade lingüística e cultural.

PROFESORADO

A lingua habitual do profesorado do CPI é maioritariamente o galego, destacando un grupo de docentes bilingües con predominio do galego. A continuación, seguiría un grupo de profesores e profesoras bilingües con predominio do castelán e un grupo monolingüe galego.

ALUMNADO

O alumnado do CPI Aurelio Marcelino Rey García é maioritariamente galegofalante, se ben se detectan algúns casos de alumnos que non falan galego habitualmente e que

mesmo o rexeitan co argumento de que non lles gusta, aínda que estes constitúen unha minoría.

Así pois, podemos establecer as seguintes características do alumnado respecto ao idioma:

- O alumnado exprésase maioritariamente en galego.
- O alumnado da vila está máis castelanizado que o das aldeas.
- Nas relacións co alumnado non galego, usa maioritariamente o castelán.

CENTRO

A xulgar polos datos de cursos anteriores e pola constatación directa, a actividade do centro desenvólvese total ou maioritariamente en galego.

Polo que respecta á Administración e Conserxaría, o galego é a lingua vehicular dos usos administrativos do CPI. Xérase toda a documentación escrita en lingua galega, tanto interna como pública, tal e como se recolle na lexislación educativa e no PLC.

A lingua empregada habitualmente coas familias é o galego. A lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias é o castelán e o galego, con predominio da última.

Podemos concluír destes datos que o contexto sociolingüístico do centro corresponde cun contorno con predominio do galego con presenza de prexuízos e con usos diglósicos.

Por que é necesario este proxecto para organizar a situación sociolingüística do centro e do Concello de Cuntis?

Tal e como acabamos de describir, o alumnado do centro é maioritariamente galegofalante, con grandes prexuízos que se veñen transmitindo de xeración en xeración desde as familias e desde a sociedade en xeral. Ademais, o alumnado adolescente ten moi afianzada a idea de que o de fóra é o mellor, tanto no referido ás linguas como a aspectos máis xerais. Isto fai que en contacto con outras culturas e/ou linguas, sobre todo co castelán ou o inglés, os rapaces sintan que as súas propias son máis pequenas e créase neles un sentimento de inferioridade. Este proxecto pretende que as alumnas e alumnos se sintan grandes, válidos e que a súa lingua e cultura están ao mesmo nivel que as demais linguas e culturas que conviven en Cuntis. Todas elas son válidas e todas son

símbolo de identidade. Na diversidade está a riqueza. A esta idea deben chegar por si mesmos/as, de xeito que o EDLG só será o encargado de realizar actividades para tal fin e así afianzar falantes, gañar outros novos e asegurar un tratamento integrado de linguas non só no centro, senón en todo o concello.

A innovación educativa deste proxecto reside na mellora da aprendizaxe que se produce a nivel interdisciplinario (o proxecto engloba moitas materias) e na valorización da contorna e da lingua propia que incluso pode servir de modelo para outros centros e concellos: un xeito novo de aprender progresivamente e de traballar ámbitos que afectan a toda a comunidade educativa.

3. Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos:

Partindo das características lingüísticas do alumnado, das familias, do profesorado, do centro e das necesidades sinaladas, establecemos unha serie de obxectivos que acadar en cada un dos ámbitos de traballo:

Ámbito municipal

- Garantir e velar polos dereitos lingüísticos de toda a poboación.
- Implicar no proceso de planificación lingüística as entidades públicas e privadas.
- Aproximarse a outras culturas mediante o contacto e a convivencia do alumnado e familias estranxeiras e valorar a súa singularidade dentro do marco común da identidade europea.
- Asentar unha conciencia de cidadáns europeos mediante unha convivencia multicultural.
- Fomentar o uso do galego na liturxia.
- Normalizar e unificar os topónimos do concello.

Ámbito escolar

- Eliminar prexuízos comúns na comunidade educativa.
- Fomentar o galego no rexistro formal, tanto oral como escrito.
- Promover o orgullo dos galegofalantes pola propia lingua.

- Usar o galego en actividades lúdicas e tecnolóxicas.
- Valorar a diversidade cultural.
- Difundir e valorar a lusofonía a través do alumnado portugués e das súas familias.

3.1 Presentación dos procesos de mellora do ensino e da aprendizaxe

Desde hai catro cursos, no CPI véñse traballando cun método de aprendizaxe cooperativa, Aprender a cooperar e cooperar para aprender, co cal o alumnado está moi afeito a esta metodoloxía na que ninguén queda sen participar, traballar e aprender.

Partindo deste método de ensino-aprendizaxe, desde o EDLG e a través deste proxecto, o alumnado adquirirá unha formación integral tanto dentro do centro coma fóra, pois inclúense actividades extracurriculares que implican unha gran parte dos sectores de poboación cuntiense, de xeito que o alumnado afianzará e complementará aspectos curriculares. Estamos no punto de inflexión de cambiar a dinamización lingüística no centro e no concello, co propósito de avanzar cara á integración e á diversidade lingüística ao tempo que acadamos un paraíso lingüístico en Cuntis e sempre desde a innovación educativa.

Partindo disto, recollemos os seguintes procesos de mellora do ensino e da aprendizaxe:

- Retroalimentar os diferentes proxectos formativos (no centro traballábase este curso en 10 programas do Plan Proxecta, contratos programa, grupos de traballo do profesorado, grupo de mediadores de conflitos...) e os seus respectivos recursos para acadar unha coherencia no centro e contribuír a desenvolver os obxectivos do Plan anual do centro.
- Adecuar e establecer actividades que lle interesen ao alumnado e así conseguir que teña o entusiasmo de aprender e valorar o que é propio.
- Colaborar entre o profesorado, as familias, as asociacións culturais e o Concello, e unir as diferentes sensibilidades e os puntos de vista que cada sector lle pode achegar á diversidade lingüística.

3.2 Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

Este proxecto comezou a desenvolverse no mes de setembro do curso 2016-2017 e

desde o seu inicio xa se está a traballar nas seguintes propostas:

- Difundir a cultura, o patrimonio e os costumes de Cuntis.
- Reflexionar sobre os usos diglósicos e mudalos.
- Xogar en e co galego.
- Relacionar a lingua galega coas TIC.
- Crear unha *App* coa que aprender.
- Levar o galego ao sector empresarial de Cuntis.
- Unificar, renovar e estudar a toponimia do concello.

3.3 Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

O proxecto que presentamos non remata co curso académico, pois moitos dos obxectivos xerais que se estableceron deben estar presentes nos vindeiros cursos para analizar así a repercusión que ten a normalización e a diversificación lingüística no centro e no concello.

Tendo en conta isto, establecemos as seguintes propostas estratéxicas de actuación a longo prazo, que serían algúns dos obxectivos para acadar os vindeiros cursos:

- Mellorar as actitudes lingüísticas en toda a comunidade educativa.
- Valorar o que é propio e amosarllo con orgullo ao mundo.
- Normalizar a lingua galega no sector empresarial de Cuntis.
- Acadar un uso normalizado da lingua galega no ámbito da saúde e do comercio.

4. Organización, desenvolvemento e metodoloxía das actividades

Tal e como se explicou na metodoloxía, as actividades seguirán o método de aprendizaxe cooperativa; non obstante, cada unha das actividades ten as súas características e por iso é necesario aplicarlle unha metodoloxía específica e un desenvolvemento concreto que se explican deseguido.

4.1 Actividades

O proxecto xira arredor de dúas tarefas principais con cadansúas actividades: Cuntis,

concello amigo da lingua e Nós somos un mundo. Estas dúas tarefas están enfocadas a acadar os obxectivos establecidos e innovar no proceso de ensino-aprendizaxe.

➔ Cuntis, concello amigo da lingua

4.2. a) Título e descrición

Consello Municipal de Planificación Lingüística. O alumnado de 3.º e 4.º da ESO, consciente da situación lingüística do centro e do concello, propuxo a creación dun consello municipal no cal todas as forzas políticas que teñen representación se unisen e traballasen para promover o respecto e o recoñecemento de todas as linguas que se falan en Cuntis. Sabedor da inexistencia dun gabinete de normalización lingüística no concello, está disposto a levar esta proposta a un pleno municipal e acadar un compromiso serio e real ante a diversidade lingüística que está vivindo Cuntis desde hai uns anos.

4.3 a) Obxectivos e metodoloxía

- Promover o uso do galego nun rexistro culto.
- Valorar a diversidade lingüística de Cuntis e crear unha conciencia europea.
- Coñecer a estrutura do goberno municipal.

Tal e como se explicou, atenderemos principalmente ás inquedanzas do alumnado e esta actividade partiu precisamente dunha delas. O alumnado de 3.º e 4.º da ESO redactará a proposta para facerlla chegar ao Concello e solicitará a asistencia a un pleno municipal. Unha vez alí, un/unha portavoz do alumnado exporá a idea e propondrá a creación dun Consello Municipal de Planificación Lingüística que sexa responsable de crear un espazo de diálogo e implicación social sobre o uso lingüístico da poboación de Cuntis, coa finalidade de respectar e recoñecer as linguas que se falan. O Consello estará formado, como mínimo, por un representante de cada partido político con representación municipal, dous membros do profesorado do CPI, unha nai ou un pai e un ou dous membros nomeados polo alcalde da sociedade civil e/ou cultural. Este consello velará polos dereitos lingüísticos dos cuntienses, pola participación en actividades que impliquen a normalización da lingua, por xerar unha dinámica autónoma de fomento da pluralidade lingüística e, ademais, realizará actividades en conxunto co EDLG do CPI. Terá dúas funcións fundamentais: planificar e desenvolver as actividades que se propoñan e avaliar o resultado delas. Unha vez constituído o Consello, o EDLG achegará unha proposta que

inclúe varias actividades anuais e así comezará un vieiro conxunto para dinamizar o galego en toda a contorna.

4.4 a) Xestión e temporización

Esta actividade está xestionada pola coordinadora do EDLG e o profesorado de Lingua galega e literatura.

Desenvolverase no mes de febreiro coa finalidade colaborar conxuntamente en todas as actividades.

4.2 b) Título e descrición

Toponimia: renovación e unificación. A través desta actividade e en colaboración co Concello, o alumnado pescudará a investigación sobre os topónimos de Cuntis. Unha vez que estean analizados, realizarase a renovación de todos os carteis de sinalización do concello.

Ademais elaborárase **Cuntis paso a paso**, un plano que indica a distancia que hai entre os lugares máis representativos da vila e o tempo que leva ir a pé. En cada punto estratéxico, colocaranse carteis que amosen o tempo e a distancia en pasos que hai para así favorecer a mobilidade entre os cidadáns.

4.3 b) Obxectivos e metodoloxía

- Unificar, renovar e estudar a toponimia do concello
- Promover un estilo de vida saudable
- Reflexionar sobre os usos bilingües dos topónimos

O alumnado de 1.º e 2.º da ESO sacará fotografías dos carteis dos nomes dos lugares da súa aldea ou calquera outro lugar do concello de Cuntis. A partir delas, analizará eses topónimos. Aproveitarase a visita prevista ao centro de Vicente Feijoo para que nos aclare dúbidas e nos axude na investigación. Tras o estudo dos topónimos, realizarase a unificación daqueles que rexistren varias formas para logo renovar os carteis de todo o concello.

Con respecto ao **Cuntis, paso a paso**, o alumnado de 6.º de educación primaria medirá as distancias que hai en pasos desde os sitios turísticos de Cuntis e deseñará os carteis para logo colocalos pola vila.

4.4 b) Xestión e temporización

Durante o mes de febreiro o alumnado tirará as fotografías e a partir de marzo, analizaranse os topónimos e consultaremoslle as dúbidas a Vicente Feijoo no obradoiro que se desenvolverá a finais de marzo.

Unha vez realizada a unificación dos topónimos co profesorado de lingua galega e lingua castelá, enviaránselle ao Concello para que realice a renovación dos carteis.

4.2 c) Título e descrición

As linguas do Baño. Todo o proxecto xira en torno ao plurilingüismo presente no concello de Cuntis e por iso tamén queremos ter en conta unhas das empresas máis importantes e que tanto turismo trae á vila; esta é o balneario Termas de Cuntis.

Conscientes da importancia que posúe atender a toda a clientela na lingua propia, o alumnado de 4.º da ESO observou que a súa páxina web recolle información en cinco linguas, catro delas estudadas no centro. Mais non ocorre o mesmo se atendemos á oralidade e á presenza da lingua nas propias instalacións. Para resolver este factor, analizarase o uso que se fai da lingua galega nos rótulos do propio balneario, na documentación e no uso oral.

4.3 c) Obxectivos e metodoloxía

- Fomentar o uso do rexistro formal do galego
- Implicar no proceso de planificación lingüística as entidades privadas
- Reflexionar sobre os propios usos diglósicos para posteriormente mudalos.

O alumnado de 4.º da ESO, a través dunha instancia, solicitará unha entrevista co responsable de Termas de Cuntis para que lle explique uso que se fai das diferentes linguas nese espazo e en que lugar se atopa o uso do galego. A partir desta entrevista, proporánlle a tradución ao galego da ficha de chegada ao balneario, entre outra documentación que emprega acotío, para que ningunha das persoas visitantes se sinta allea nunha vila que destaca polo respecto e a convivencia entre as linguas.

4.4 c) Xestión e temporización

Esta actividade xestionarase desde o EDLG e co alumnado de 4.º da ESO, por estar directamente relacionado co seu currículo. A primeira semana de febreiro, o alumnado

envioulle a carta ao balneario para solicitar a entrevista e está á espera de establecer unha data para poder concretar o traballo entre a empresa e o alumnado.

Se todo segue o seu ritmo, durante dous meses (marzo e abril) faranse as traducións ao galego e as correccións para poder ter xa rematada a colaboración no mes de maio.

➔ Nós somos un mundo

4.2 d) Título e descrición

De todas, ti es a preferida. Un dos feitos que máis chama a atención é a rápida integración lingüística que acada o alumnado foráneo cando chega ao centro. O ambiente acoledor e a lingua galega como habitual fan que a socialización e integración lingüística sexa paulatina, agradable e frutífera, de xeito que en poucos meses acada autonomía lingüística en galego, tanto oral como escrita. Para isto, tras varias actividades, realizarase un documental no que cada alumno/a explique a súa experiencia sobre a inmersión lingüística no noso CPI e no concello de Cuntis. Unha vez rematado, realizarase a difusión por todo o país.

4.3 d) Obxectivos e metodoloxía

- Fomentar o coñecemento doutras linguas
- Valorar a diversidade lingüística de Cuntis e crear unha conciencia europea.
- Entrar en contacto con outros hábitos, modos de vida e costumes propios doutros países ou rexións, contrastalos cos do noso contorno e valorar a súa singularidade.
- Asentar a conciencia de cidadanía europea.

Desde principios de curso, o alumnado estranxeiro ten o apoio do voluntariado lingüístico para facilitarlle a integración na nosa lingua e así sentirse máis acollido.

Non obstante, e para que non se vexa a nosa lingua coma unha imposición, o alumnado cuntiense tamén recibirá “clases” sobre a lingua e a cultura do alumnado foráneo. A partir desta idea, durante os recreos de primaria, un alumno de 5.º de EP dá clases de árabe na biblioteca para quen queira asistir e así acadar unha aprendizaxe común e unha nena de 1.º da ESO realizará unha exposición polas aulas sobre a lingua e cultura árabe.

Ademais, moitos cidadáns colaboran na socialización lingüística e axúdanlles a moitos alumnos e alumnas a adquirir unha boa competencia oral e escrita en galego.

Para amosar todo o labor dos voluntarios lingüísticos realizase un documental onde cada estranxeiro/a exporá a súa experiencia coa lingua e a cultura galega.

4.4 d) Xestión e temporización

O labor do voluntariado será unha tarefa desempeñará o alumnado que forma parte do EDLG coa supervisión dun membro do profesorado que tamén está no equipo. Ao final de curso, gravarase o documental e da realización encargárase a profesora de Educación Plástica e Visual.

4.2. e) Título e descrición

Nós somos un mundo: lingua e patrimonio en Cuntis. Esta actividade é a que lle deu saída ao Plan Proxecta. Trátase de facer un xogo (unha mestura entre o Trivial e o Tabú) onde o obxectivo final dos equipos é conseguir formar o mapa de Cuntis e completar as súas parroquias, que poderán obter ao atinar as preguntas e/ou superar as probas.

4.3 e) Obxectivos e metodoloxía

- Levar o galego a actividades lúdicas.
- Construír unha imaxe positiva da lingua galega a través das TIC e do xogo.
- Mellorar as habilidades e competencias comunicativas; no propio xogo, inclúense probas orais.
- Estender o emprego do galego a espazos e temas asociados á modernidade, sobre todo a través das ferramentas TIC e coa creación da aplicación para o móbil.
- Visualizar o galego nas redes sociais e nas plataformas dixitais máis utilizadas entre a mocidade baixo o cancelo *#nóssomosunmundo*.
- Difundir a cultura galega en todas as súas manifestacións: artes plásticas, festas tradicionais, música, literatura, deporte...

Debido a que é unha actividade ampla e que inclúe diversos ámbitos, acordouse repartir o traballo entre todo o alumnado da ESO e de educación infantil da seguinte maneira:

1.º da ESO investigará sobre as culturas que hai no concello e o patrimonio etnográfico, encargárase dos apartados Entre culturas e Patrimonio. Cada un dos alumnos ou alumnas terá unha ficha, elaborada previamente pola coordinadora do proxecto, que deberá completar e así investigar sobre as culturas que conviven en Cuntis e o patrimonio

da súa contorna.

A partir da información recollida elaborarán as preguntas e as respostas para o xogo. Na clase de Lingua galega, elaborarán as normas, xa que é neste curso onde se traballa cos textos expositivos e instrutivos.

Ademais, este grupo tamén realizará o deseño do xogo nas aulas de Plástica e elaborará o taboleiro e o mapa coas parroquias para completar. Trátase de facer un taboleiro de cartón xunto con catro mapas de Cuntis (un para cada equipo) dividido en parroquias e, á súa vez, as parroquias separadas, a modo de fichas, para poder ir completando o mapa a medida que van superando as preguntas e as probas.

2.º da ESO centrarase na investigación da toponimia e os alcumes e os persoeiros máis relevantes de Cuntis, para as seccións correspondentes. Coa axuda da coordinadora recollerán diferentes topónimos do concello e analizarán o seu significado e simboloxía.

O grupo de 3.º da ESO será o encargado de elaborar as probas do xogo que se inclúen no apartado de Lingua oral. Trátase de probas nas que se deberá explicar algún obxecto, lugar, concepto ou sentimento relacionado con Cuntis sen dicir as palabras tabú que se especifican na proba concreta. Esta tarefa realizarana co profesor de lingua galega e literatura.

O alumnado de 4.º da ESO coa profesora de Educación Física elaborará as cuestións para o apartado Xogamos? sobre deportes e xogos tradicionais que se están a recuperar na zona. Coa profesora de Informática realizará a aplicación para móbiles unha vez que estean elaboradas todas as preguntas e o deseño do xogo. A aplicación farase co programa *GoodBarber*, incluírá as preguntas redactadas entre todos os cursos e completaráse con fotografías relacionadas coas cuestións.

4.4 e) Xestión e temporización

A coordinadora do EDLG xestionará e supervisará as fichas de investigación e, coa colaboración da asociación O Fervedoiro, realizarase o deseño do taboleiro e a profesora de Plástica xestionará a *App* para móbiles.

Durante o 1.º trimestre desenvolverase o traballo de campo, coas pescudas e a recollida de información a través das fichas ademais da redacción das preguntas. O 2.º trimestre destinarase ao deseño e a realización do taboleiro de mesa xunto do deseño e a realización dos mapas do concello, ademais de comezar coa aplicación para móbiles. Por

último, e xa no 3.º trimestre, revisaranse os posibles erros e promocionarase o xogo, tanto o de mesa como a aplicación.

5. Implicación da comunidade educativa e materiais

Todo o profesorado do centro está implicado neste proxecto en maior ou menor medida xa que é un proxecto interdepartamental e interdisciplinario: proba disto é a unanimidade do Claustro á hora de decidir a presentación este proxecto ao premio de innovación e levalo a cabo. Non obstante, aquel que participa cunha tarefa concreta é o que se recolle no apartado 10 deste proxecto. Ademais, como membros tamén do EDLG, este proxecto tamén conta co apoio e o traballo do administrativo e o conserxe do centro.

Mais lembremos que este proxecto non só se aplicará no centro, senón que pretendemos que vaia máis alá e colaborar coa veciñanza e con nais e pais. Cómpre destacar a colaboración que ten nas actividades o escritor e investigador Héitor Picallo, veciño de Cuntis e gran coñecedor da historia e a situación lingüística do Concello.

En canto aos recursos materiais, o centro posúe material informático á disposición do proxecto (os ordenadores, canóns, cámaras etc). No entanto, precisamos de micrófonos, cámara e programas para editar todo o material elaborado nas distintas actividades.

6. Colaboracións institucionais

O proxecto que aquí presentamos ten unha gran vinculación coa ANPA, co Concello e coa asociación cultural O Fervedoiro.

A ANPA centrarase en difundir e apoiar todo o proxecto a través das súas reunións e das súas redes sociais para así chegar a todos os pais e as nais.

O Concello de Cuntis colaborará na actividade de toponimia, na creación do Consello Municipal de Planificación Lingüística así como no xogo *Nós somos un mundo* e demais actividades que deriven deste consello.

Por outra banda, a asociación cultural O Fervedoiro cederá o seu coñecemento sobre a historia, o patrimonio de Cuntis, o seu medio e as súas tradicións para poder ser rigorosos nos datos do xogo e na unificación da toponimia desta localidade.

7. Medidas de difusión do proxecto

O proxecto é difundido entre todo o alumnado, desde educación infantil ata a secundaria, a través do propio alumnado que participa e do panel da lingua, situado na entrada do centro á vista de toda a comunidade e dos visitantes. Ademais, conta coa colaboración coa ANPA; esta será a encargada de difundir todas as actividades que se realizan a todas as familias, tanto ao comezo como unha vez que estean rematadas.

Desde o centro tamén se anuncian todas as actividades deste proxecto e do EDLG na súa web, o blog do EDLG (*Dinalingua*) e no *Facebook* do centro, unha ferramenta, esta última, de gran valor á hora de difundir o traballo que se realiza, polo gran número de seguidores que ten. Tamén se enviarán notas de prensa daquelas actividades máis destacadas.

Mais cómpre salientar a colaboración que sempre nos presta Radio Estrada (moi seguida no concello de Cuntis por tratar asuntos del) á hora de difundir o traballo desenvolvido, tanto no seu boletín diario de novas como a través de entrevistas do propio alumnado que conta como realiza as tarefas do proxecto.

Se a rede é un dos medios que máis chega a toda a poboación, non temos que esquecer que, grazas ao cancelo do xogo, *#nossomosunmundo*, se divulgará esta actividade e mesmo se animará a outros centros educativos próximos a xogar e publicar o seu resultado con esta etiqueta.

8. Orzamento

A cantidade de diñeiro que se precisa para realizar este proxecto é de 4 700 €. O orzamento para cada actividade está indicado e xustificado con cada actividade no anexo III; aquí sintetizámolo así:

- Toponimia: obradoiro de Vicente Feijoo: 200 €; renovación dos letreiros: 1 000 €
- Realización e campaña de difusión do documental: 1 000 €
- Xogo *Nós somos un mundo*: edición e impresión: 1 500 €; creación da *App*: 500 €
- Cuntis, paso a paso: elaboracións dos carteis e do mapa: 500 €

9. Plan de avaliación

As actitudes lingüísticas non mudan un día para outro e resulta moi complexo medir a súa evolución nun curto período de tempo. Por iso, moitas das actividades aquí presentadas non rematan co curso académico; é máis, seguirán vixentes e procurando os obxectivos de cada un nos seguintes anos grazas á implicación do alumnado, do profesorado, das familias e do Concello, para así poder medir en que grao se acadaron os obxectivos xerais.

9.1 Criterios e indicadores para a avaliación

En todo este proceso de dinamización que vimos de amosar implica levar a cabo unha avaliación e, polo tanto, establecer uns criterios relacionados cos estándares de aprendizaxe dos diferentes grupos implicados:

- Superar os prexuízos lingüísticos e valorar a diversidade lingüística
- Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e informáticos para interpretar e producir as actividades
- Acadar un ambiente de traballo cooperativo, responsable, interdisciplinario e produtivo
- Producir textos orais e escritos, con rigor e claridade, en lingua galega, e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela

Non obstante, cómpre ter presente sempre unha serie de indicadores que nos servirán para avaliar cada unha das actividades que se van realizando para poder corrixir carencias e/ou diferentes aspectos e, para iso, deseñáronse estes indicadores de logro:

	Escala			
	1	2	3	4
Adecuación do deseño das actividades				
Adecuación da secuenciación e da temporalización das actividades				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados				
Adecuación dos mecanismos para informar a toda a comunidade educativa				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento do proxecto				
Adecuación da estratexia metodolóxica establecida				
Grao de implicación do profesorado participante				

9.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua na comunidade educativa

Como se pode deducir, o principal propósito deste proxecto é rematar cos prexuízos lingüísticos, mellorar o uso formal da lingua galega e valorar a diversidade lingüística do concello de Cuntis. Todo isto causará un grande impacto xa que as dúas tarefas que forman o proxecto implican o uso oral e escrito, formal e informal, da lingua galega dentro e fóra do centro. O punto débil está na implicación do alumnado máis cativo, pois a súa achega será a través do deseño e da participación no vídeo. O punto forte do proxecto é a transversalidade que se acada coas actividades e o achegamento da lingua a contextos e accións dos que adoita estar desvinculada, para buscar así unha mellora da competencia lingüística e un respecto e recoñecemento das demais linguas.

A avaliación de todo o proxecto presentarase na memoria final; nela darase conta de todos os puntos fortes e débiles.

10. Funcións e tarefas do profesorado implicado

A continuación, indícase o profesorado que integra o EDLG e que tamén participa neste proxecto, así como o profesorado que xa comezou desde principio de curso coa posta en marcha do Plan Proxecta.

- **Natividad Diéguez Pardo**, profesora de Lingua galega e literatura, coordinadora do EDLG
 - Deseño das fichas de investigación
 - Establecemento das reunións e contactos
 - Unificación da toponimia
- **María José González Fernández**, profesora de Bioloxía e coordinadora dos Plans Proxecta
 - Supervisión e realización da sección O noso medio do xogo
 - Difusión das actividades a través das redes sociais
- **Miguel Louzao Outeiro**, profesor de Lingua Galega e Literatura, director do centro
 - Contactos co Concello e coordinación do traballo con esta entidade

- Investigación da toponimia
- Supervisión e realización da sección Lingua oral do xogo
- Contactos cos medios de comunicación
- **Montserrat Villanueva Gaspar**, mestra de educación infantil e secretaria do centro
 - Coordinación do traballo en educación infantil
 - Deseño do xogo de mesa
 - Solicitude dos orzamentos e xestión dos gastos
- **Susana Sánchez Aríns**, profesora de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Portuguesa
 - Investigación da toponimia
 - Traducións ao portugués
 - Coordinación da integración lingüística do alumnado portugués do centro
- **María Dolores Iglesias Miguéns**, profesora de 6.º de educación primaria e xefa de estudos de primaria
 - Coordinación do traballo en educación primaria
 - Establecemento do contacto coas Termas de Cuntis
- **Hortensia Fernández Torre**, profesora de Educación Plástica e Visual e de Informática
 - Deseño e maquetaxe do xogo
 - Realización do documental e da *App*
- **Javier Carballo Vales**, mestre de inglés e coordinador de Abalar
 - Traducións ao inglés
 - Coorganización relativa á *App* do xogo
- **José Antonio Blanco Casais**
 - Supervisión das preguntas de deporte do xogo
 - Establecemento contacto co balneario
 - Coordinación de Cuntis, paso a paso

11. Alumnado participante

Ademais, neste proxecto tamén participa todo o alumnado de educación Infantil, de 5.º e 6.º de educación primaria e todo o da ESO, mais por motivos de espazo recollemos só os nomes dos/as que forman parte do EDLG.

Nome e apelidos	Curso	Número
Carmen Aboy Reboredo	1.º ESO	1
Sara Sabir Moussaqhi	1.º ESO	22
Alejandro Iglesias Sueiro	2.º ESO	19
Bieito González Picáns	2.º ESO	17
Uxía Liñeira Chenlo	2.º ESO	20
Nerea Prado Pombo	2.º ESO	25
María Escariz Eiriz	3.º ESO	13
Sabela Míguez Bouzas	3.º ESO	22
Sheila Almeida Barral	4.º ESO	1
Inés Amado Rodríguez	4.º ESO	2
Alejando Dono Pérez	4.º ESO	5
David Calviño López	4.º ESO	3

Cuntis, 8 de febreiro de 2017

A coordinadora

O director

Natividad Diéguez Pardo

Miguel Louzao Outeiro

